

*Resolución Reitoral de 2 de febreiro de 2017 pola que se resolve a ampliación do prazo de presentación de solicitudes de participación na 6ª Edición dos Premios Incuvi-Emprende.*

Con data 15 de decembro de 2015 publicouse no taboleiro de anuncios do edificio Xerencia-Servizos Centrais a Resolución pola que se convocou a 6ª Edición dos Premios Incuvi-Emprende na que se premiarán ás ideas emprendedoras do alumnado así como das persoas tituladas pola Universidade de Vigo cunha estadía gratuítas nas Pre-incubadoras da Universidade de Vigo nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

Na convocatoria establécese un prazo de presentación de solicitudes con data de remate o día 2 de febreiro de 2017. Estimada a conveniencia dunha ampliación do devandito prazo e á vista do establecido no artigo 49 da Lei 30/1992, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, esta reitoría

RESOLVE:

1. Ampliar o prazo de presentación de solicitudes de participación na 6ª Edición dos Premios Incuvi-Emprende ata o día **7 de febreiro de 2017**.

Segundo o establecido no artigo 49.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común este acordo non é susceptible de recurso, sen prexuízo de que poida alegarse a oposición a este trámite polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.


Vigo, 2 de febreiro de 2017

O reitor

Por delegación de competencias,

P.D. Resolucións Reitorais do 7 de maio de 2014 (DOG nº 90 de 13 de maio de 2014) e do 21 de maio de 2014 (DOG nº 100, de 27 de maio de 2014)

A vicerreitora de Estudantes



Dolores González Álvarez

